



## CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É a alcaldía quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

### PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

**Día:** venres 25 de febreiro de 2022

**Hora:** 20:00

**Lugar:** Telemática. Aplicación ZOOM.

No seguinte enlace poderán unirse á reunión Zoom:

<https://us02web.zoom.us/j/86018584483?pwd=UG9FMjFQeUZCZnc3VzFjZmhSbm9xUT09> ID de reunión: 860 1858 4483

Código de acceso: 331143

**Motivación sesión telemática:** situación da Covid 19 actual e solicitude voceiro grupo político. coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

### A) PARTE RESOLUTIVA

**1. Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

- I. Borrador da sesión ordinaria celebrada o 28 de xaneiro de 2022
- II. Borrador da sesión extraordinaria celebrada o 8 de febreiro de 2022.

### **DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO**

2. Declaración Institucional: 8 de marzo, día Internacional das Mulleres.

### **DA COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGUIMENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS PÚBLICOS.**



3. Proposta da alcaldía relativa á designación de defensa e representación no PO 24/2022. Expediente Nº 2019/X999/000120.

## B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

4. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento:
- I. Da Nº 68/2022 do 24 de xaneiro á Nº 174/2022 do 21 de febreiro.
5. Dar conta do escrito asinado o 8 de febreiro de 2022 por D<sup>a</sup> Agueda Díaz Mejuto e D<sup>a</sup> Victoria Areas Pose, relativo á portavocía do grupo político PP.
6. Mocións de urxencia.
7. Rogos e preguntas.

### SEGUNDO

Se informa, aos efectos oportunos, que de conformidade co artigo 16.3 do ROF: *Os membros da Corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que han de servir de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que poida serlles facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.*

### TERCEIRO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

### CUARTO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Asinado dixitalmente ao marxe.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.